

CO-ORGANIZAN:



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX 2017

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
<http://www.fga.es>
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Bajo - O Pino
32001 OURENSE



REGULAMENTO PARTICULAR TIPO



PROBA: 4º RallyMix A GUDIÑA 2017

PROVINCIA: OURENSE

DATA: 3 e 4 de Xuño de 2017

CO-ORGANIZAN:



INDICE

TITULO I: PROGRAMA HORARIO

TITULO II: ORGANIZACION

Art. 1 Organización

TITULO III ..: MODALIDADES XERAIS

Art. 2	Puntuabilidade
Art. 3	Descripción
Art. 4	Vehículos Admitidos
Art. 5	Concursantes Admitidos
Art. 6	Solicitud de Inscrpción - Inscricións
Art. 7	Dereito de Inscrpción - Seguros

TITULO IV: OBLIGACIONES XERALES

Art. 8 Publicidade

TITULO V: DESENROLO DA PROBA

Art. 9	Recoñecemento
Art. 10	Hora Oficial do Rallye
Art. 10	Penalizacíons
Art. 11	Premios

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I: LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2017 (ANUARIO F.G.A.)

ANEXO II: FOLLA DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

ANEXO III ..: TERMINOLOXIA

ANEXO IV ..: ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

ANEXO V: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

ANEXO VI ..: ITINERARIO – HORARIO

ANEXO VII ..: PARQUE PECHADO, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA, SERÁ O MÁIS PERTO DA SAÍDA DO RALLYMIX.

CO-ORGANIZAN:



1.- PROGRAMA.

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
1/05/2017	10:00	APERTURA DE INSCRIPCIONES	
31/05/2017	20:00	PECHE DE INSCRIPCIONES	
1/06/2017	20:00	PUBLICACIÓN LISTA DE INSCRITOS	
SÁBADO 3/06/2017	9:00	DISTRIBUCIÓN ROAD BOOK	OFICINA DA ESCUDERÍA Talleres Fernández (Ao lado do Parque de Traballo)
	DE 9:00 A 11:00	VERIFICACIONES ADMINISTRATIVAS	
	DE 9:30 A 11:00	VERIFICACIONES TÉCNICAS	PARQUE DE TRABALLO
	DE 9:00 A 11:00	RECOÑOCIMENTOS LIBRES EN COCHE DE CALLE (Velocidade Máxima 60 km/h.)	TC-1 (Treito Cronometrado)
	11:15	PUBLICACIÓN LISTA AUTORIZADOS A TOMALA SAÍDA	AUTOBÚS DA FGA E TABLÓN DO PARQUE DE TRABALLO
	11:30	BREAKING A PILOTOS	PARQUE DE TRABALLO
	11:45	SAÍDA 1º PARTICIPANTE A 1ª MANGA	TC-1 (Treito Cronometrado)
	13:30	REAGRUPAMENTO EN P. DE TRABALLO	PARQUE DE TRABALLO (Parque do Transporte da Gudiña)
	15:30	SAÍDA 1º PARTICIPANTE A 2ª MANGA	TC-1 (Treito Cronometrado)
	A Continuación	SAÍDA 1º PARTICIPANTE A 3ª MANGA	TC-1 (Treito Cronometrado)
DOMINGO 4/06/2017	10:00	SAÍDA 1º PARTICIPANTE A 4ª MANGA	TC-1 (Treito Cronometrado)
	A Continuación	SAÍDA 1º PARTICIPANTE A 5ª MANGA	TC-1 (Treito Cronometrado)
	A Continuación	PUBLICACIÓN DE RESULTADOS	AUTOBÚS DA FGA E TABLÓN DO PARQUE DE TRABALLO
	A Continuación	ROLDA DE PRENSA DOS GAÑADORES E CEREMONIA DE ENTREGA DE PREMIOS	PARQUE DE TRABALLO (Parque do Transporte da Gudiña)

Nota: Levantamento vehículos parque pechados: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por iso, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques** pechados, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día (Sábado) 3 de Xuño de 2017 as 09:00 horas, ata o día (Domingo) 4 de Xuño de 2017 as 15:00 horas estará situado no Autobús da F.G.A. permanente do RallyMix, emprazado no parque de traballo-parque pechado.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

Artigo 1.1.- Definición:

HC Competición, Club Pedriña by Paraño, e P.A. Partovia coorganizan o 4º RallyMix A GUDIÑA 2017 que se desenrolará desde os días 3 de Xuño ó día 4 de Xuño do ano 2017.

CO-ORGANIZAN:



Este RallyMix disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2017, as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterro, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 17-04-2017. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-013-RX.

Artigo 1.2.- Comité de Organización:

Presidente: D. Gerardo Armesto Vázquez

Vocais:

D. Gerardo Fernández Boo

D. Guillermo Álvarez Prado

D. Vicente Vázquez Gómez

D. Antonio Pérez Cid

D. José A. Velo Domínguez

Secretaria: Dª. María del Sol Fernández Vidal

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Escudería HC Competición

Avda. Buenos Aires, 103 sótano 1

32004 Ourense

Teléfono: 606 740 382 Fax: 988 271 461

www.hccompeticion.com

hccompeticion@gmail.com

Artigo 1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Gerardo Armesto Vázquez

CD1^a-0029-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Gerardo Armesto Vázquez

CD1^a-0029-GA.

D. Silvio Antelo Riveiro

CD-0689-GA.

D. Antonio Cousillas Ferreiro

CD-0692-GA.

Observador da F.G. de A.: D. Benjamín Castiñeiras Castro

OBS-0007-GA.

Director da Carreira-Oficina/Autobús: D. Antonio Pérez Cid

DC1^a-0005-GA.

Secretaria da Carreira: Dª. Marisa Espinosa García

SC-1180-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Francisco Gil Antelo

JOC1^a-0691-GA.

D. Jesús Pensado Suárez

OC-0693-GA.

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. Guillermo Alvarez Regueiro

JOB-1181-GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL": D. Vicente V. Vázquez Gómez DC1^a-0458-GA.

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde D. José A. Velo Domínguez

CD1^a-1295-GA.

Vehículo "00" (ESCOBA):

Bermello D. Diego Barreiro Ces

JOB-1182-GA.

CO-ORGANIZAN:



Servicio vehículos de rescate: TEAM MEDICAL SPORT

Servicio informático: FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Servicio de ambulancias: AMBUGAL

Centros asistenciais:

- CENTRO DE SAÚDE DA GUDIÑA
- HOSPITAL COMARCAL DE VERIN
- HOSPITAL COMARCAL BARCO DE VALDEORRAS
- COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE.

Servicio de grúas:

CELANOVA MOTOR E GRÚAS FERNÁNDEZ

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estos dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1^a, expedida pola F.G. de A., e á sua vez deben ser incluidos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

O 4º RallyMix A GUDIÑA 2017 é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato Clase A.
- Campionato Clase B.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Navegantes.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licencia de concursante expedida pola F.G. de A.).
- 4^a Copa Pirelli K6 2017.

Artigo 3.- Descripción.

O 4º RallyMix A GUDIÑA 2017 consta dun percorrido de 11,400 Kms., dos cales 11,250 Kms. corresponden a 1 treito cronometrados por pistas de terra/asfalto pechada ó tráfico; está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento.

Na folla de ruta consta detallado o percorrido.

O RallyMix terá no mesmo lugar un parques de traballo/parque pechado.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

4.1.- En tódolos RallyMix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

- Tódolos Agrupacións do regulamento do Campionato de Rallyes 2017 serán admitidos a participar.
- Os vehículos de Montaña das Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5, ó se lo circuíto pechado tipo da especialidade de Montaña/Rallymix.
- Os vehículos de Autocross das Clases I, II, III e IV.
- Os quad biplazas, con volante ou prototipos, autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo, inclúense a tódolos efectos de participación e de premios na Agrupación 1, saíndo despois dos carcoss e deseguido, antes dos vehículos carrozados.
- Os carcoss, da especialidade de Autocross, admítense con clasificación independente (Clase A) farase unha clasificación xeral scratch exclusiva con premios en metálico e trofeos.
- 4.2.- Tódolos vehículos deberán cumplir co regulamento técnico do seu campionato de procedencia, agás os vehículos turboalimentados, ou con compresor, que non terán obriga de instalar ningún tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.
- 4.3.- Os vehículos deberanse presentar ás verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha arista cortante na súa carrocería.

CO-ORGANIZAN:



4.4.- CLASES:

CLASE "A":

AGRUPACIÓN 1: Vehículos carcross ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autolocante, e vehículos quad tipo Polaris e demáis homologados pola F.G. de A.

CLASE "B":

AGRUPACIÓN 2: Vehículos ata 1.600 c.c.

AGRUPACIÓN 3: Vehículos máis de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4: Vehículos máis de 2.000 c.c. ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5: Máis de 3.000 c.c. e prototipos de 1 ou 2 motores de moto ou vehículos SCC.

4.5.- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun só vehículo.

Artigo 5.- Concursantes admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2017 publicado pola Federación Galega de Automobilismo. Tódolos pilotos deberán ter o Carnet de conducir en vigor.

Artigo 6.- Solicitud de inscrición-inscripcións.

6.1.- Toda persoa que deseche participar no 4º RallyMix A GUDIÑA 2017 deberá remiti-la solicitud de inscrición, debidamente cumplimentada, na páxina Web da Federacion Galega de Automobilismo:

<http://www.fga.es>

<https://goo.gl/forms/1CQTHGomcB9rd9Ok1>

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 31 de maio de 2017

Os datos relativos ó copiloto (optativo), con ou sen copiloto, poden ser completados ata o día 31 de maio de 2017.

6.2.- O nº de inscritos fixase nun máximo de 150 vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos de calquera das formas seguintes:

- Na conta corrente nº **ES38 0081 0504 1600 0116 5117 (BANCO SABADELL).**

6.4.- Admitiránse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orden de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos, e dos dereitos de participación adquiridos.

Artigo 7.- Dereitos de inscrición-seguros.

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **275,00 €.** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **550,00 €.** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe serlo sobre que o apartado 7.1.1.).

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.


7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

4.- OBRIGACIÓN XERAIS.

Artigo 8.- Publicidade.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Obrigatoria



Facultativa

A DESIGNAR

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reservar os emprazamentos seguintes (según a normativa da F.G.A.):

A DESIGNAR

CO-ORGANIZAN:



5.- DESENROLO DA PROBA. O desenrolo do RallyMix terá dúas mangas de recoñecemento libre o sábado, de 9 a.m. a 11 a.m., con controis de radar non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 kms./hora. e cinco oficiais a disputar entre sábado e o domingo, sumando as cinco mangas oficiais para obter a clasificación final do RallyMix (asfalto-terra).

Artigo 9.- Normas, duración e clasificación da proba.

9.1.- O treito terán unha lonxitude mínima de 6 kms. e máxima de 12 kms. (a F.G. de A. por motivos de seguridade, ou interese, poderá autorizar modificacións puntuais no quilometraxe).

Para este tipo de probas mixtas é obligatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto-terra, ou terra-asfalto.

9.2.- Obrígase que a saída e a chegada fágase en asfalto, pola saúde e pulcritude dos cronometradores, das impresoras de cronometraxe, e vistosidade.

9.3.- O número máximo de treitos cronometrados será de un.

9.4.- O número máximo de pasadas polo treito será de cinco a computar no RallyMix. Por operatividade o numero de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, e o domingo de 3/2. O condicionante da luminosidade, e do numero de participantes, autoriza a Exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión.

9.5.- Nun RallyMix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.

9.6.- Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocross, car cross, trial 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

9.7.- Entregarase, en tódolos RallyMix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto. Entregaranse unhas notas, confeccionadas polo organizador da proba.

9.8.- **BRIEFING:** O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes da primeria manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de conducción, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obligatoriamente e con control de asinamento so pena de exclusión.

9.9.- As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionalis en cores vermello, e amarelo.

9.10.- Sinalización, montaxe e seguridade según as prescripcións comúns de rallies da FGA. Colocaranse as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.

9.11.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída e parque pechado onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). Recomendase tamén a instalación dun panel de tempos situado no parque traballo de fácil acceso ós participantes.

Artigo 10.- Recoñecementos:

10.1.1.- Os recoñecementos libres quedan limitados a dúas pasadas polo treito en horario taxado.

10.1.2.- A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 €, a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.

10.1.3.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", pola reincidencia.

10.1.4.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 10.1.2 e 10.1.3 será obligatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para aperturar a incoación do expediente disciplinario no seu caso.

10.1.5.- Si unha escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se podrá utilizarlo mesmo treito por outra entidade organizadora.

10.1.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control rigoroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

10.1.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, debidamente licenciado e acreditado, que fará partes dos incumplimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da proba.

10.1.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará dous Comisarios / Controladores, debidamente licenciados e acreditados, con poderes sancionadores (radar).

10.1.9.- Entregaránse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación naproba, do vehículo participante infractor.

10.1.10.- Os recoñecementos libres só se autorizaran o sábado pola maña, de 9 a.m. a 11 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.

CO-ORGANIZAN:



10.1.11.- Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.

10.1.12.- Os participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos los efectos, e apertura de expediente disciplinario.

Artigo 11.- Carrera.

2.1.- A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito no parque de traballo-pechado.

2.2.- O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB.

2.3.-Saída: O xefe de posto, ou calquera dos Comisarios Técnicos, encargaránse de situalo vehículo e de comproba-las medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.

2.4.- A saída darase lanzada, entre dous e cinco metros por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebasar a célula.

2.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 20 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa agrupación contabilizárase como nonsaído no treito. A normativa faise para favorecelas reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización tasada.

2.6.-Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso aminorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o conductor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

2.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado, na mesma manga, da Agrupación a que pertenza máis 10 segundos. Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, poderá continuar no RallyMix. Poráselle o peor tempo do derradeiro participante clasificado nas mangas das incidencias sen ningún tipo de penalización ou accidente. Para aparecer na clasificación final terase que completar alomenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

2.8.- Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, ou impedimento de paso doutro vehículo outorgárselle o tempo da súa peor pasada. De non existir será a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos, ou o peor tempo da súa Agrupación sendo obligatorio o paso por meta.

2.9.- De saír na última manga e non chegar a meta darase o tempo do peor clasificado da súa Agrupación.

2.10.- Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberan dirixirse o parque de traballo sen deterse no enlace, so pena de EXCLUSIÓN

2.11.- Os vehículos avariados ou siniestrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterreos 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente.

Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retiraranse a totalidade dos vehículos sinistrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

Artigo 12.- Parques.

1.- O parque pechado, e parque de traballo, poderán ser o mesmo, e sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do RallyMix, no que non se poderá manipulalo vehículo só pena de exclusión. A súa situación deberá estar o mais próxima a saída e meta do treito cronometrado.

En caso de que o parque pechado estea noutra ubicación, o organizador deberá ter os medios suficientes para garantir o desprazamento dos vehículos dende o parque pechado ata o parque de traballo.

2.- Parque de presaída deberá estar delimitado e considerarase parque pechado, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.

Artigo 13.- Hora oficial do RallyMix.

1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polo reloxo atómico do Instituto de Brunswick (Alemania).

2.- Os Comisarios Deportivos designarán, in situ, a hora de saída de cada treito. Entregarán ó Relación cos Participantes, antes do comezo da manga, o carnet de ruta a cada participante con sinatura de recibí. A aplicación faise para axilizalo RallyMix, e poder repescar a participantes con problemas, debido á flexibilización dos horarios.

Artigo 14.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de Rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2017.

CO-ORGANIZAN:



Artigo 15.- Premios.

XERAL SCRATCH "CLASE A"		
AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS)		
A.- SI SAEN ATA 15 VEHÍCULOS		B.- SI SAEN MAIS DE 15 VEHÍCULOS
1º 500 € e Trofeo		1º 600 € e Trofeo
2º 400 € e Trofeo		2º 500 € e Trofeo
3º 250 € e Trofeo		3º 350 € e Trofeo
4º 150 € e Trofeo		4º 200 € e Trofeo
		5º 150 €
TOTAL: 1.300,00 €		TOTAL: 1.800,00 €
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 1.300 € OU 1.800 €.		
XERAL SCRATCH "CLASE B" AGRUPACIÓNS 2, 3, 4 e 5		
XERAL	SI SAEN ATA 60 VEHÍCULOS CARROZADOS	
1º 500,00 € e Trofeo	PREMIOS POR CILINDRADAS	
2º 400,00 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)
3º 300,00 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
4º 250,00 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
5º 200,00 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
6º 150,00 €		
7º 100,00 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)
8º 100,00 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
9º 100,00 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
10º 100,00 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
TOTAL: 2.250,00 €	TOTAL: 2.400,00 €	
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 4.650 EUROS.		
XERAL	SI SAEN + 60 VEHÍCULOS	
1º 750,00 € e Trofeo	PREMIOS POR CILINDRADAS	
2º 600,00 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)
3º 500,00 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo
4º 400,00 €	2º 250 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo
5º 350,00 €	3º 200 € e Trofeo	3º 200 € e Trofeo
6º 300,00 €		
7º 250,00 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)
8º 200,00 €	1º 350 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo
9º 150,00 €	2º 250 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo
10º 100,00 €	3º 200 € e Trofeo	3º 200 € e Trofeo
TOTAL: 3.600,00 €	TOTAL: 3.200,00 €	
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 6.800 EUROS.		

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, siareiros, nin mecánicos.

Don Gerardo Armesto Vázquez, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD1ª-0029-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba
N.I.F.: 34943268N
Licencia DC1ª-0005-GA

Entidade: Esc. HC Competición
C.I.F.: G32447195
Fdo: Presidente D. Gerardo Armesto Vázquez
Licencia CD1ª-0029-GA



Fdo: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 34994872G
Licencia DC1ª-0458-GA

CO-ORGANIZAN:



PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1 ^a	03/06/2017	09:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2 ^a		11:15	
3 ^a		19:00	
4 ^a	04/06/2017	10:00	
5 ^a		14:30	

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

- 1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2017 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.
- 2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.
- 3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2017, inclusivo, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:
 - A.- Para cumplimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.
 - B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.
 - C.- Todo participante que non sinale na folia de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.
- 4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2017, inclusivo, serán considerados "OPEN".

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptaronse os seguintes acordos por unanimidade:

- 1-Ratificanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do pasado 12 de Outubro de 2015.
- 2-Ratificanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro de 2015, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todalas expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas.
- 3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2017, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumplira o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.**
- 4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2017, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias **establécese en 190 euros**.
- 5-As licencias estatais da veciña Portugal serán validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.
- 6-Dito acordo será incluido no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2017, e será comunicado a tódalas Federación Autonómicas de Automobilismo do Estado español.
- 7-Con esta medida preténdese evitar e corrixe a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.
- 8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de "Licencia Autonómica Única", a **aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadroamento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente.**
- 9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola "Federación Galega de Automobilismo", en tutela dos seus intereses e dereitos.
- 10-Asimesmo, e como se puso de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nem admitidas, nem forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nem poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Ártigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións,e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elixible, nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".
- As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se intregren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo"

CO-ORGANIZAN:



ANEXO II

FOLLAS DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD

CONDICIONES OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba hacia abajo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio das follas de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-kilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior das follas deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o kilometaxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha líne horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións muy próximas, e decir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre si.
- 9.- Toda información que non poida ser fácilmente identificable dende a carretera deberá aparecer entre paréntesis.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarase con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadrados, e si ai un cambio de dirección, coa flecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis terá que ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comenzará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recuadro).
- 16.- En cada dibuxo, o punto de orixen situarse na parte inferior.
- 17.- Os paneles de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente amplia.
- 20.- Autorizase un máximo de seis dibuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser fácilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- Nas follas de ruta, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída, e a meta dos treitos e os parques pechados e de traballo, deberán estar sinalizados con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos treitos de enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do RallyMix.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbán).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un doble trazo de líne vertical.

Todo-los puntos que non se describen, se deixan a libertad do Organizador.

CO-ORGANIZAN:



HC
competición



MODELO DE FOLLA DE RUTA (ROAD-BOOK)

XXII RALLYE CIDADE DE NARÓN				Distancia	Tempo Ideal	Media
Páx.	SECCIÓN	1 De C.H.S.	TC-1	10,400 Kms.	14 Minutos	44,57 Kms./h.
23	SECTOR	4 A C.H.	2	Récord Treito Cronometrado	Este Treito disputase por primeira vez	
Distancia	DIRECCIÓN	INFORMACIONES			Distancia	Próximo C. H.
TOTAL	PARCIAL					
0,000 Kms.	0,000 Kms.	1	(5,850)	C.H.S. TC-1	43° 37' 30" N 07° 59' 45" O	10,400 Kms.
0,650 Kms.	0,650 Kms.	2	(5,200)		PIÑERO	9,750 Kms.
0,750 Kms.	0,100 Kms.	3	(5,100)			9,650 Kms.
1,300 Kms.	0,550 Kms.	4	(4,550)			9,100 Kms.
1,950 Kms.	0,650 Kms.	5	(3,900)	STOP	PONELAS GORBALLEIRO	8,450 Kms.

CO-ORGANIZAN:



ANEXO III

TERMINOLOXIA

Sector de enlace	Itinerario comprendido entre dous contros horarios sucesivos.
Sección	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: - entre a saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento. - entre dous reagrupamentos sucesivos. - entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do RallyMix.
Etapa	Cada unha das partes do RallyMix separadas por unha parada de alo menos oito horas, ou por unha parada alo menos igual á duración do percorrido efectuado, si éste é inferior a sete horas.
Neutralización	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calqueira razón.
Reagrupamento	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
Parque Pechado	Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos de Galicia e polo regulamento particular da proba.
Complemento	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a éste último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou membros dos equipos deben acusar recibo mediante asinamento.
Carnet de Control	Carnet destinado a recoller os visados dos diferentes contros establecidos no itinerario. Este Carnet debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carnet de control distinto para cada unha das seccións.
Treito	
cronometrado	Proba de velocidade en carretera, pechada ao tráfico normal.

ANEXO IV

ENCARGADO DAS RELACIONES COS CONCURSANTES

MISIÓN PRINCIPAL

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obligatoriamente por un oficial poseedor de licencia expedida pola Federación Gallega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexo de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de todas as decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso é convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluir a sua fotografía e o seu número de teléfono móvil no regulamento particular, ou nun complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obligatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saida da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do RallyMix (na medida das suas posibilidades, dependendo do horario do RallyMix).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.

CO-ORGANIZAN:



- Dar tódalas informacions ou cualquier precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexo de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacions correctas, e solicitudes satisfactorias, para evitar as reclamacions (ex. Precisa-las dudas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO V

1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade: Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servicios de seguridade:

- Garda Civil.
- Vehículo de rescate.
- Hospital.
- Servicio Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servicios de grúas.
- Centros asistenciais.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade do treito cronometrado.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular do RallyMix nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o RallyMix estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída do treito cronometrado (por teléfono e por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da sua proba e certificar a sua conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamiento das disposicións de seguridade obligatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDADE NOS TREITOS CRONOMETRADOS

a) Servicios de asistencia: Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 vehículo de rescate.
- 2 ambulancias equipadas. (1 UVI Móbil, e unha asistencial).
- 1 equipo de socorristas.
- 2 grúas.
- 1 servicio de bomberos.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 10 km.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipada.
- 1 equipo de socorristas.

Dacordo coa perigosidade, estos mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o doble do mínimo de ambulancias.

- récord do treito superior a 110 km/h, o doble do mínimo de ambulancias más un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emergencia. Asimismo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquer posible incidente ou accidente.

b) Medidas preventivas. Sinalización: As carreteras e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención: Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxeto de:

- Facer respetar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteles, cintas, pitos e altavoces.

- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarillas.

CO-ORGANIZAN:



Información: Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Tablóns con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

c) Vixilancia: Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm x 50 cm sobre o capó dianteiro e sobre as duas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE, cun número 0 (peche dos treitos), e co número 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar una bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un oficial con gran experiencia en Rallyes, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si é necesario, avisar ao Director de Carreira de calquier incidente. Unha rede de radio (con unha implantación alo menos cada 3 kms), específica para o treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do RallyMix.

d) Evacuación: Debe preverse un itinerario de evacuación para o treito cronometrado. Os servicios de urxencia dos hospitales deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE: O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poblacións e cidades.

O conductor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en todos los treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridad en todo o percorrido da proba.

ANEXO VI

PROBA : 4º RallyMix A GUDIÑA 2017

ITINERARIO HORARIO

NON SERÁ APROBADO NINGÚN REGULAMENTO PARTICULAR, QUE NON VEÑA ACOMPAÑADO DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, E DA FOLLA DE SOLICITUDE DO TREITO E HORARIO DE PECHE PARA A CELEBRACIÓN DO RALLYMIX, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA, E DO PRESIDENTE DA ESCUDERIA.

ANEXO VII

CARAVANA RALLYES:

En tódolos rallyes a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Depois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobar las medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarruas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobar las medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocurrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarcelacións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co

CO-ORGANIZAN:



desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Bermello). Depois de finalizado o paso de todos los participantes, transcurrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnets de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercelas funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizalos, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licencia de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallies os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD1^a ou GA-XOC1^a, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirase, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirase unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.